

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 20 DE FEBREIRO 2006

1.- Solicitudes de licenzas de obras.

Favorables.-

2095/05.- Pintosga, S.L.- Acondicionamento de nave, legalización de entreplanta e apertura (Lap/86/05) dun establecemento adicado á comercio por xunto de roupa na Vía Edison núm.50-A.-

853/03.- Silvestre Montoiro Aldrey.- Viv. unif. en rúa Coto da Nai, Aríns.-

2583/05.- Promardu y Soneira C.B.- Legaliz. modificacións executadas na construción de 4 naves industriais na parcela 228 do Polígono do Tambre.-

2072/05.- Iglesias Miras, S.L.- Legaliz. modificacións executadas nas viv. unif. levadas a cabo nas parcelas 2, 3 e 4 (de parcelación autorizada), na Rúa da Virxe Branca.-

2068/05.- Iglesias Miras, S.L.- Legaliz. modificacións executadas na viv. unif. levada a cabo na parcela 1 (de parcelación autorizada), na Rúa da Virxe Branca.-

346/02.- Construcciones y Promociones Pomcar, S.L.- 8 viv. unif na Rúa de Son de Abaixo.-

1166/05.- Mª Pilar Carril García.- Legaliz. de modificación de emprazamento de viv. unif. no Lugar de Brins.-

2021/05.- Monteviejo Inversiones Inmobiliarias, S.L.- Legaliz. de modificacións executadas na viv. unif. realizada na Rúa do Vencello, parcela 421-2-3.-

4.- Proposta da concelleira de Educación relativa á realización do programa teatral de animación á lectura para público infantil "Unha merenda de Alicia"

Acórdase aprobar o programa teatral de animación á lectura para público infantil "*Unha merenda de Alicia*", cun orzamento de 6.400 euros.

5.- Proposta da concelleira de Educación relativa á realización de concertos didácticos para centros de ensino. 250 aniversario do nacemento de Mozart.

Acórdase aprobar o programa de concertos didácticos para centros de ensino que se desenvolverá ao longo do mes de marzo con motivo do 250 aniversario do nacemento do compositor Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791).

6.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á adxudicación do Servizo de Limpeza, vixilancia e conservación do Colexio Público Colexiat de Sar.

Acórdase adxudicar o devendito servizo a Dña. Carmen Cutrín Novás polo importe de 13.150 euros (IVE incluído) e cun prazo de duración dun ano.

7.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do proxecto de urbanización da unidade de xestión número 16 (UX-16 de Santas Mariñas)

Acórdase aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da unidade de xestión número 16 (UX-16 de Santas Mariñas)

8.- Proposta da Concelleira Delegada do Casco Histórico relativa á aprobación do protocolo de colaboración entre o Concello e o Consorcio de Santiago en materia de recuperación urbana.

Acórdase aprobar o devandito protocolo asinado o 14 de febreiro.

9.- Proposta do concelleiro delegado de transportes relativa á modificación da estrutura tarifaria e revisión de tarifas para 2006 do parking da Praza Roxa

En relación co aparcamento soterrado da Praza Roxa, explotado pola empresa Praza Roxa UTE, e co obxecto de adecuar a relación prezo-tempo das súas tarifas de aparcamento, acórdase iniciar os trámites de modificación do contrato de xestión deste aparcamento para establecer na súa estrutura tarifaria o pagamento por fraccións de 15 minutos, incrementando en consecuencia, as súas tarifas para o ano 2006 tal e como se achega. Estas tarifas inclúen a variación experimentada polo IPC.

TEMPO	TARIFAS 2006
15	45
30	85
45	125
60	165
75	205
90	245
105	280
120	315
135	345
150	375
165	405
180	435
195	465
210	495
225	525
240	555
255	585
270	615
285	645
300	675
315	705
330	735
345	765
360	795
375	825
390	855
405	885
420	915
435	945
450	975
465	1005
480	1035
495	1065
510	1095
525	1125
540	1155
555	1185
570	1215
585	1245
600	1275
MAIS	1275

ABONOS 2006	PREZO
<i>DÍA COMPLETO</i>	11,05
<i>ABONO MENSUAL</i>	112,20
<i>ABONO DIURNO</i>	82,40
<i>ABONO NOCTURNO</i>	52,50
<i>ABONO MATINAL</i>	59,90

10.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa á devolución da fianza do contrato de explotación do aparcamento subterráneo da Praza de Vigo.

Acórdase aceptar a reclamación presentada polos representantes de Aparcamientos Sar S.A. no senso de acordar a devolución da fianza de 6.499.589 ptas (39.063,32 euros) depositada na Tesourería municipal para responder das obrigas derivadas da construción do devandito aparcamento soterrado, así como esixir á esta empresa o depósito da cantidade de 45.000 euros en concepto de garantía definitiva para responder das obrigas derivadas da súa xestión, en réxime de concesión administrativa.

11.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa á contratación dun auxiliar administrativo para cubrir unha baixa.

Acórdase aprobar a devandita contratación.

12.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa á aprobación do proxecto de modificación do Regulamento de Provisión de Postos de Traballo do Concello

Acórdase a modificación do artigo 5 do vixente Regulamento de Provisión de Postos de Traballo do Concello previamente a súa aprobación polo Pleno da Corporación. A modificación atinxe ao artigo 5.2 de xeito que onde di "cada funcionario poderá solicitar ata un máximo de tres postos na convocatoria de concurso" pasará a dicir "Os/as funcionarios que non teñan posto definitivo deberán optar a tódolos postos convocados, ordenados por orde de prioridade, entendéndose, de xeito contrario, que a orde correcta da súa enumeración responde á orde de preferencia destes".

14.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa ao nomeamento dunha funcionaria da praza de técnico de xestión de proxectos europeos

Acórdase o nomeamento de Dña. Eva M^a Ezcurra de la Iglesia para a praza de técnico de xestión de proxectos europeos

15.- Proposta do concelleiro delegado de promoción económica e emprego relativa ao apoio do proxecto empresarial denominado VIVANSA SIGLO XXI S.L.

Acórdase apoiar o proxecto empresarial denominado VIVANSA SIGLO XXI S.L. presentado por Jordi Casado Rivas no nome da empresa Decobarvi S.L. A actividade desta empresa encádase no sector servizos.

16.- Proposta da concelleira delegada da muller relativa á aprobación do programa de actos por mor da celebración do día 8 de marzo

Acórdase aprobar o programa de actos con motivo por mor da celebración do día 8 de marzo , Día Internacional da Muller.

17.- Proposta da concelleira delegada de educación e mocidade relativa ao suministro de combustible de calefacción para os colexios públicos do municipio ano 2006

Acórdase aprobar a devandita proposta, que supón unha prórroga do contrato coa empresa CEPESA. O orzamento total estimado para o subministro de gasoleo C que permita o funcionamento dos sistemas de calefacción de 15 centros de ensino infantil e primario dependentes do Concello ascende a 91.697,28 euros. Xa que a estimación parte do prezo de referencia a data de 19 de decembro de 2005, considérase unha marxe prudencial para afrontar posibles oscilacións dos prezos do mercado, indicándose a cantidade mínima de 95.000 euros. Inicialmente apróbbase unha partida de 76.000 euros a tal efecto.

18.- Proposta da concelleira delegada da UMAD relativa á solicitude de prórroga do convenio de cooperación entre o Concello e a Consellería de Sanidade para o desenvolvemento de programas de tratamento de drogodependencias non exclusivamente alcohólicas para 2006.

Acórdase a prórroga do devandito convenio de cooperación, que contará cunha aportación municipal de 102.135,92 euros.

19.- Proposta da concelleira delegada de educación e mocidade relativa á aprobación do programa didáctico "Santiago de Compostela: Obradoiro do Tempo. Percorrido arqueohistórico pola cidade"

Acórdase aprobar o programa didáctico "Santiago de Compostela: Obradoiro do Tempo. Percorrido arqueohistórico pola cidade", cun orzamento de 8.000 euros.

20.- Proposta da concelleira delegada de educación e mocidade relativa á aprobación do orzamento dos traballos de mantemento e conservación nas instalacións escolares

Acórdase aprobar un orzamento de 11.000 euros para a realización dos traballos de mantemento e conservación nas instalacións escolares.

URXENCIAS.-

-A proposta da concelleira de centros socioculturais, acórdase adjudicar á empresa UPONOR S.L. polo importe de 11.700 euros as obras de reparación do local sociocultural Cardenal Quiroga.

-A proposta da concelleira de Sanidade, acórdase prorrogar os contratos de tres operarios do refuxio e animais de Bando en tanto non se constitúa a fundación que asumirá a xestión deste centro. A prórroga é polo prazo de catro meses a partir do 28 de febreiro.

-A proposta da concelleira de Educación e Mocidade, acórdase aprobar o programa de educación afectivo sexual para mozos e mozas de Santiago de Compostela, cun orzamento de 12.000 euros

